

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de xaneiro de 2021
Duración	Desde as 21:00 ata as 00'25 horas
Lugar	PARTICIPACIÓN A DISTANCIA
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES (17):

PSDG-PSOE (4): D^a María Cruz Leiro Peña, D. Samuel Lago Ozón, D^a Milagros Martínez Piñeiro e Sra. Alcaldesa.

SOMOS CAMBADOS (3): D. Xurxo Charlín Trigo, D. Constantino Cordal Rodríguez e D. Fernando Patricio Rey

B.N.G. (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas e D^a Mariel Oubiña Vázquez.

P.P. (7): D. Luís Aragunde Aragunde, D^a María Isabel Fole Trigo, D^a Silvia Fernández Pérez, D^a Sonia Agra Piñeiro, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, D^a Monica Montserrat Peña Otero e D. José Carlos Trigo Trigo.


CAMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela.

A sesión celébrase mediante videoconferencia e a distancia de acordo co disposto no artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril e a Resolución da Alcaldía do 21.04.2020.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfños: 986520902/0943/0951 - FAX:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E



Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Expte. 195/2021.- Toma de posesión de D. José Carlos Trigo Trigo como Concelleiro da Corporación Municipal de Cambados

Consta comunicación da Xunta Electoral Central de 15.01.2021 (R.E. 2021-E-RC-211) na que se da traslado da credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato ao que lle corresponde cubrir a vacante producida, D. José Carlos Trigo Trigo.

Consta a declaración de actividades e de causas de posible incompatibilidade e de bens formulada polo interesado na Secretaría da Corporación.

D. José Carlos Trigo Trigo xura o seu cargo a efectos da súa toma de posesión segundo o disposto no artigo 108 da Lei orgánica de réxime electoral xeneral baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979 do 5 de abril.

A continuación a Sra. Alcaldesa dálle a benvida adquirindo a plena condición de Concelleiro e incorporándose á sesión.

2.- Aprobación das actas das sesións celebradas os días 26/11/2020 e 28/12/2020 (Exptes. PLN/2020/13 e PLN/2020/14)

Dáse conta das actas das sesións celebradas os días 26/11/2020 e 28/12/2020. O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestarlle aprobación ás referidas actas.

3.- Expediente 329/2018. Aprobación definitiva de Inventario Municipal

Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo por tres votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG e tres abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PP e grupo mixto Cambados Pode,



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfños: 986520902/0943/0951 - FAX:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E



Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



no que se recolle o seguinte:

“- Con data de 29.06.2017 o Pleno do Concello aprobou inicialmente o Inventario de camiños someténdose a información pública por un período de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

- No BOP nº 17 de 24.01.2018 sométese o expediente a información pública coa presentación das alegacións que obran no expediente.

- Con data de 13.04.2018 a empresa redactora aporta documento de aprobación definitiva e proposta de resolución de alegacións.

- Constan informes do Arquitecto Técnico Municipal de 17.04.2018 e 19.01.2020 dando visto e prace ao informe de alegacións presentado pola empresa redactora.

- Formado o inventario municipal de conformidade co artigo 34 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño que aproba o regulamento de bens das entidades locais corresponde ao Pleno asúa aprobación por todo o cal, PROPOÑO:

1. Resolver as alegacións presentadas no trámite de información pública de acordo cos informes da redactora do documento e do técnico municipal que obran no expediente.

2. Aprobar definitivamente a actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos (Inventario de camiños) do Concello de Cambados cuxo resumo por epígrafes é o seguinte:

Epígrafe: 1C Viais municipais

Número de bens e dereitos que comprende: 652

Folios: (1 al 655)

Valoración: 4.631.307,43 €3.

Remitir copia do Inventario aprobado á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

....

Sometido a votación o Pleno por nove votos a favor (PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG) e oito abstencións (PP e Grupo Mixto Cambados Pode) ACORDA:

PRIMEIRO.- Resolver as alegacións presentadas no trámite de información pública de acordo cos informes da redactora do documento e do técnico municipal que obran no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos (Inventario de camiños) do Concello de Cambados cuxo resumo por epígrafes é o seguinte:

Epígrafe: 1C Viais municipais



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CÁMBADOS - Tfños: 986520902/0943/0951 - Fax:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E



Praza do Concello, 1 * 36630 - CÁMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



Número de bens e dereitos que comprende: 652

Folios: (1 al 655)

Valoración: 4.631.307,43 €3.

TERCEIRO.- Remitir copia do Inventario aprobado á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

4.- Expediente 4742/2020. Inicio do Expediente de Contratación do Servizo de Axuda no Fogar

Polo Sr. Secretario dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Terceira Idade, Seguridade Cidadá e Mobilidade, por dous votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PsdeG-PSOE e Somos Cambados e catro abstencións dos concelleiros integrados no grupos municipais de PP, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode, no que se recolle o seguinte:

"O Concello de Cambados precisa de contratar o servizo de axuda no fogar consonte a normativa de contratos do sector público.

En virtude das competencias atribuídas ao Pleno pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público e polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

1. Iniciar expediente de contratación do servizo de axuda no fogar.

2. Ordenar que se incorpore ao expediente a seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa da necesidade do contrato

b) Prego de cláusulas administrativas particulares

c) Prego de prescricións técnicas

d) Informe de Secretaría

e) Informe de Intervención

f) Demáis documentación que precisa a normativa de contratos do sector público."

...

Sometido a votación o Pleno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Iniciar expediente de contratación do servizo de axuda no fogar.

SEGUNDO.- Ordenar que se incorpore ao expediente a seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa da necesidade do contrato

b) Prego de cláusulas administrativas particulares

c) Prego de prescricións técnicas

d) Informe de Secretaría

e) Informe de Intervención



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfno: 986520902/0943/0951 - Fax:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E

Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfno. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



f) Demáis documentación que precisa a normativa de contratos do sector público.

5.- Expediente 2813/2019. Proposta establecemento dedicacións parciais da Corporación

O Sr. Secretario da conta do ditame, desfavorable, da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo por dous votos a favor dos concelleiros de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e cinco en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP, BNG e grupo mixto Cambados Pode do seguinte tenor literal:

“Mediante acordo do Pleno de 24.07.2019 acordouse aprobar unha dedicación exclusiva para a Alcaldía do Concello de Cambados cunha retribución bruta anual de 40.000 euros.

É vontade desta Alcaldía e do grupo de goberno prestar un decidido servizo á cidadanía, contribuíndo activamente a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños do Concello de Cambados; con tal motivo, e coidando que a complexidade e volume de asuntos polas Corporacións Locais fai imprescindible manter unha especial dedicación por parte dos cargos electos, nuns casos plena e constante, e noutros, aínda sen dedicación exclusiva, sí cunha especial intensidade que os obriga a compaxinar a súa actividade laboral co desenvolvemento do seu cargo.

Isto implica a necesidade de establecer os cargos para os que o exercicio do posto requira dedicación exclusiva e os que precisan de ser desenvolvidos, canto menos, cunha dedicación parcial, así como as características e retribucións de ambos supostos.

Neste caso, a regulación, características e retribucións dos mesmos irán acompañados da determinación do seu réxime de dedicación mínima.

Visto o disposto polo artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril que establece que os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuio caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cuotas empresariais que correspondan.

Visto o disposto polo artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril que establece que os membros das Corporacións Locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran en cuio caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cuotas empresariais que correspondan.

Visto que segundo o disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985 do 2 de abril que determina que as



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfños: 986520902/0943/0951 - Fax:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E

Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



Cod. Validación: ÁFWYYRPPCKXKQSCXCT9M1ENKCL | Corrección: <https://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 17

Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan e deberán publicarse íntegramente no "Boletín Oficial da Provincia" e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con adicación exclusiva e réxime de dedicación parcial y régimen de dedicación de estos últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial destes últimos e polo que propoño ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Establecer catro dedicacións parciais entre os concelleiros/as que ostenten delegacións outorgadas pola alcaldía.

2. Fíxar, en atención á súa responsabilidade e proporcionalmente á dedicación proposta (equivalente a 20 horas semanais) unhas retribucións brutas anuais de 21.200 €, que se dividirán en catorce pagas, das que doce o serán con devengo mensual e dúas devengarase nos meses de xuño e decembro.

3. O nomeamento dos concelleiros/as delegados/as que desempeñen os cargos en réxime de dedicación parcial será realizado pola Alcaldía de acordo co establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

En todo caso, os designados/as deberán aceptar o exercicio do cargo, no prazo de tres días hábiles, entendéndose aceptado o cargo se transcorrera o mencionado prazo sen comunicación expresa de renuncia.

4. Que se proceda á publicación do acordo adoptado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboeiro de Anuncios da Corporación."

...

Sometido a votación o Pleno por sete votos a favor (PsdeG-PSOE, Somos Cambados) e dez en contra (PP, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode) acorda rexeitar o ditame anterior.

6.- Expte. 329/2021. Proposición de modificación puntual do cadro de persoal municipal

Pola Sra. Alcaldesa dase conta da seguinte proposta de modificación puntual do cadro de persoal municipal:

"O Concello de Cambados ten contemplado, dentro das súa necesidades e previsións de



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfños: 986520902/0943/0951 - FAX:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E



Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



persoal de carácter estrutural e, polo tanto, dentro da súa RPT, un/unha Encargado/a de Obras e Servizos Básicos; cuxa cobertura se reservou para persoal funcionario e se ten vinculado, á súa vez, á un proceso de promoción interna de funcionarización (véxase o previsto e materializado, ao efecto, na propia RPT, na Oferta de Emprego Público do ano 2017 –BOP de 18 de xaneiro de 2018– e posterior convocatoria no BOP de 23 de xaneiro de 2020, DOG de 24 de marzo de 2020 e BOE de 12 de xuño de 2020), que, polo tanto, comprendería unha proceso combinado de promoción profesional e cambio de réxime xurídico (a funcionario) do persoal laboral municipal participante e finalmente seleccionado.

Unha vez desenvolvido e rematado o antedito proceso de promoción interna para a funcionarización, e para garantir a adecuada materialización dos efectos derivados e pretendidos e, concretamente, a efectiva e formal cobertura da dita vacante de Encargado/a de Obras e Servizos Básicos polo persoal laboral municipal finalmente seleccionado e funcionarizado no referido proceso, resulta necesario que se proceda á adecuación da praza correspondente contemplada no cadro de persoal actualmente vixente; que ata o de agora se prevía dentro do cadro de persoal laboral e que, neste momento e polo antes exposto, débese contemplar para persoal funcionario. Esta adecuación unicamente afectaría a dito cambio da natureza/réxime xurídico (de laboral a funcionario), pero non ás restantes condicións definitorias da plaza, en tanto que, en coincidencia co definido na RPT para o posto de persoal funcionario correspondente (e segundo o disposto, ao efecto, pola normativa de réxime local e, nomeadamente o RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TRRL), no cadro de persoal vixente xa aparecía encadrada na escala de administración especial, subescala de servizos especiais, clase de persoal de oficios e grupo profesional C, subgrupo C2; e tendo en conta, amais, que tampouco implicaría un incremento de efectivos, nin unha variación das retribucións asociadas (que xa contan coa correspondente previsión/dotación orzamentaria), polo que non tería efectos orzamentarios.

Visto que, igualmente, resulta preciso adaptar o cadro/plantilla de persoal á finalización do proceso de referencia é a toma de posesión efectiva das prazas de Oficial Conductor e Oficial Xardineiro por parte dos aspirantes que superaron o proceso selectivo, co cal se atopan ocupadas en propiedade.

Debendo sinalarse, asemade, que o cadro/plantilla de persoal, en tanto que instrumento de xestión/ordenación dos recursos humanos aprobado xunto co orzamento municipal (véxase o artigo 90 da LBRL), e segundo o disposto ao efecto polo artigo 126.3 do TRRL, poderá ser obxecto de modificación durante a vixencia do mesmo, consonte ao mesmo procedemento e trámites previstos para a modificación orzamentaria e, polo tanto, e de conformidade ao tamén sinalado no artigo 22.2.i. da LBRL, mediante acordo do Pleno municipal (primeiramente mediante acordo de aprobación inicial, seguido dun prazo de información pública de 15 días durante o que se poderán presentar reclamacións por parte dos lexitimados ao efecto, que en caso de existir deberán ser resoltas polo Pleno municipal, xunto coa aprobación definitiva; e de non existir, a aprobación inicial elevarse a definitiva de forma automática).

Visto que a proposta foi obxecto de negociación no seno da Mesa Xeral de Negociación das condicións de traballo do persoal funcionario e laboral do Concello de Cambados coa conformidade da representación sindical en data de 26.01.2021 e polo que se propón ao Pleno a adopción do seguinte,



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfños: 986520902/0943/0951 - FAX:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E

Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



ACORDO:

Primeiro.- Proceder á aprobación inicial da modificación do cadro de persoal actualmente vixente no Concello de Cambados, nos termos e co alcance indicados no ANEXO I.

Segundo.- Dita aprobación inicial será sometida a información pública por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio inserido BOP e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, durante o que os interesados poderán presentar reclamacións. Para o suposto de non presentarse reclamacións durante o dito trámite de información pública, a aprobación inicial quedará elevada a definitiva de forma automática. En caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas e a aprobación definitiva.

Terceiro.- Facultar á Alcaldía para cantas actuacións de trámite, e propias da súas atribucións, sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

...

Sometido a votación o Pleno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Proceder á aprobación inicial da modificación do cadro de persoal actualmente vixente no Concello de Cambados, nos termos e co alcance indicados no ANEXO I.

“FUNCIONARIOS

(...)

III.- ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

B) Subescala de Servizos Especiais

B.3) Persoal de Oficios

PRAZA	DOTACIÓN	GRUPO/ SUBGRUPO	NIVEL	SITUACIÓN
(...)				
Encargado de Obras e Servizos Básicos	1	C2	18	Vacante (Vinculada a promoción interna) 1 En propiedade
Oficial Xardineiro	2	C2	14	1 Vacante (Vinculada a promoción interna)
Oficial Conductor	2	C2	14	En propiedade
(...)				

SEGUNDO.- Dita aprobación inicial será sometida a información pública por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio inserido BOP e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, durante o que os interesados poderán presentar reclamacións. Para o suposto de non presentarse reclamacións durante o dito trámite



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfños: 986520902/0943/0951 - FAX:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E

Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



de información pública, a aprobación inicial quedará elevada a definitiva de forma automática. En caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas e a aprobación definitiva.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía para cantas actuacións de trámite, e propias da súas atribucións, sexan precisas para a mellor execución do acordado.

7.- Expediente 4631/2020. Acordo de Goberno instando á Xunta de Galicia a dotar de transporte ao alumnado cambadés do IES Armando Cotarelo Valedor

Pola Sra. Presidenta dáse conta do seguinte acordo de goberno:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 30 de outubro de 2020 un grupo de nais e pais de alumnas e alumnos, residentes en Cambados, do IES ARMANDO COTARELO VALEDOR de Vilagarcía de Arousa presentaron neste Concello un escrito solicitando unha solución para o problema de transporte das súas fillas e fillos, finalizando as clases neste centro educativo.

Este alumnado, que remata a súa actividade académica ás 14 horas, ten que agardar máis de 3 horas, ata as 17:10, hora da chegada dun autobús con destino a Cambados, para poder regresar aos seus domicilios.

Esta situación implica un elevado incremento de gastos por parte das súas familias, xa que os seus fillos e fillas deben xantar en Vilagarcía de Arousa, pois non poden agardar máis de 3 horas sen comer ata a chegada do transporte que os leve ás súas residencias en Cambados, onde fai paradas o autobús da liña Santiago de Compostela-O Grove arredor das 17:40 horas.

A empresa PEREIRA, adxudicataria do transporte do alumnado do IES ARMANDO COTARELO VALEDOR, dispón dun autobús, con numerosas prazas baleiras, para o alumnado de ESO, que finaliza o seu traxecto no lugar de Vista Real, Corón, Vilanova de Arousa.

Como mal menor, as familias do alumnado cambadés estarían dispostas a achegarse a ese lugar de Vilanova de Arousa para recoller aos seus fillos e fillas.

Por iso, tanto estas familias coma a dirección do instituto téñense dirixido con esa finalidade á empresa PEREIRA, pero esta manifesta non poder aceptar que o alumnado cambadés poida utilizar o mencionado autobús.

Por todo o anteriormente exposto, esta Corporación Municipal ACORDA:

- Instar á Xunta de Galicia a dotar ao alumnado cambadés do IES ARMANDO COTARELO VALEDOR dun autobús para poder regresar a Cambados unha vez rematen as súas clases no citado centro educativo.”

Preséntase unha emenda verbal ao ditame polo grupo mixto Cambados. Pode planteándose introducir un segundo punto á parte dispositiva do seguinte tenor literal,



“Instar a Xunta de Galicia para captar fondos europeos de desenvolvemento rural para mellorar o transporte comarcal no Salnés”

Preséntase unha emenda a proposta presentada polo grupo municipal de Somos Cambados planteándose retirar os seguintes parágrafos da parte expositiva do ditame,

“A empresa PEREIRA, adxudicataria do transporte do alumnado do IES ARMANDO COTARELO VALEDOR, dispón dun autobús, con numerosas prazas baleiras, para o alumnado de ESO, que finaliza o seu traxecto no lugar de Vista Real, Corón, Vilanova de Arousa. Como mal menor, as familias do alumnado cambadés estarían dispostas a achegarse a ese lugar de Vilanova de Arousa para recoller aos seus fillos e fillas.”

Sometido a votación a toma en consideración das emendas o Pleno por oito votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP e Grupo Mixto Cambados Pode, dúas abstencións do grupo municipal do BNG e sete en contra dos grupos municipais de PsdeG-PSOE e Somos Cambados toma en consideración as emendas anteriores.

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte,

ACORDO:

“1.Instar á Xunta de Galicia a dotar ao alumnado cambadés do IES ARMANDO COTARELO VALEDOR dun autobús para poder regresar a Cambados unha vez rematen as súas clases no citado centro educativo.

2.Instar a Xunta de Galicia para captar fondos europeos de desenvolvemento rural para mellorar o transporte comarcal no Salnés”

8.- Expediente 4711/2020. Acordo de Goberno para que se mellore a oferta en



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfños: 986520902/0943/0951 - FAX:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E

Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



galego nas televisións públicas

Polo Sr. Secretario dase conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Ensino, Patrimonio, Cultura, Deporte e Normalización Lingüística, por catro votos a favor dos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode e unha abstención do grupo municipal do PP, na que se recolle o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados dos 90 do século XX, Galicia situouse á vangarda dos contidos infantís e xuvenís coa programación do Xabarín Club da Televisión de Galicia. Con ela, non só contribuíu decisivamente á normalización da lingua galega senón tamén á difusión da música, da produción audiovisual e escénica desenvolvida no país. Esta situación mudou. Hoxe, a lingua galega é a única oficial no Estado español que non conta cunha canle de emisión continuada de programación infantil e xuvenil. O resultado disto é que só o 4,6% da programación semanal está en galego, caendo ao 2,7% na fin de semana.

A través de canles como Clan, Super3 ou ETB3 todas as crianzas, rapaces e raparigas do Estado español agás as galegas poden gozar dos mellores contidos televisivos na súa lingua.

Cómpre ter en conta que as novas xeracións adoitan consumir contidos noutros dispositivos como tabletas ou móbiles, polo que as aplicacións destinadas aos contidos infantís tamén son moi importantes. Neste sentido, Clan TV de TVE ten unha aplicación que, ademais, dispón de diferentes actividades mais a pesar de ser unha canle pública, exclúe a opción en galego. Mentres, a App Xabarín da TVG, está sen actualizar desde 2018 e xa non é posíbel a descarga en dispositivos Android.

Temos unha corporación pública con boas e bos profesionais que cómpre dotar de máis e mellores medios técnicos para ser unha ferramenta eficaz e de primeira orde para a normalización lingüística na mocidade.

Para permitir o visionado na lingua propia das series e filmes máis vistos, os gobernos vasco e catalán chegaron a acordos con plataformas como Movistar + para a emisión de todos os seus contidos coa opción de lexendado nas súas respectivas linguas.

Non hai ningún motivo para que a infancia e mocidade galega non conte coas mesmas opcións para a visualización de contidos audiovisuais de éxito na súa lingua que se vivise en calquera outro territorio do Estado.

A Lei 6/1999, do 1 de setembro, do Audiovisual de Galicia, recolle nos seus artigos 1º, 4º e 5º, a importancia cultural, económica, social e para a normalización lingüística das actividades do sector audiovisual, recoñecéndose o seu carácter estratéxico.

Na mesma liña, a TVG, nos principios xerais de programación, dentro do seu portal de transparencia sinala que o “especial papel correspóndelle á TVG e á Radiotelevisión á hora de



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfños: 986520902/0943/0951 - Fax:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E

Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



contribuír á normalización da lingua galega e á difusión da cultura propia de Galicia”.

No Estado español, a lei 7/2020, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, recolle no seu capítulo I do título II, a garantía dos dereitos dos cidadáns e cidadás a recibir contidos en condicións de pluralismo cultural e lingüístico. Deste xeito, no artigo 4º di que “os operadores de titularidade pública contribuírán á promoción da industria cultural, en especial á de creación audiovisuais vinculadas ás distintas linguas e culturas existentes no Estado”; e no artigo 5º, que “as comunidades autónomas con lingua propia poderán aprobar normas adicionais para os servizos de comunicación audiovisual do seu ámbito competencial co fin de promover a produción audiovisual na súa propia lingua”.

A lingua galega precisa espazos de uso, de reprodución e socialización para existir e desenvolverse. O galego debe estar “en todo e para todo”, en palabras de D. Ricardo Carvalho Calero. A exclusión ou a inferioridade de condicións no ámbito audiovisual impide calquera política real a favor da normalidade plena do noso idioma.

O goberno galego conta con importantes recursos para tornar realidade a demanda cidadá para que o galego estea presente e dispoñíbel en todos os espazos, nomeadamente para a infancia e a mocidade

Por todo isto, dende a Concellaría de normalización Lingüística propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal de Cambados a adopción do seguinte acordo:

ACORDA

- Instar á Xunta de Galicia a tomar as medidas e acción precisas dentro das súas competencias para:

✓ Que a Corporación de Radio Televisión de Galicia aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade nas televisións públicas a través dunha canle “Xabarín”, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñíbel en todas as plataformas de contidos audiovisuais así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego, a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

✓ Reclamar do Goberno español que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

✓ Así mesmo o Parlamento insta ao goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada ao galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar as accións necesarias para a recepción mutua RTP - TVG en Galicia e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias.”

Preséntase unha emenda a proposta presentada por parte do grupo municipal do PP planteándose incluír como primeiro parágrafo da parte dispostiva do ditame,



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfno: 986520902/0943/0951 - FAX:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E

Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfno. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



“Instar á Corporación RTVG a seguir reforzando a súa oferta de programación infantil e xuvenil con contidos atractivos e actuais así como contidos educativos e de promoción galega nos horarios de maior consumo dos mais novos facéndoos accesibles da web e da app e da web xabarín da TVG”

Preséntase unha emenda a proposta presentada por parte do grupo municipal de Somos Cambados planteándose incluír como primeiro parágrafo da parte dispostiva do ditame,

“Apoiar a iniciativa legislativa popular impulsada pola Mesa para a Normalización Linguística e outras 35 asociacións galegas por unha canle Xabarín na TVG e dispor de mais e mellor programación infantil e xuvenil en galego”

Sometido a votación a emenda do grupo municipal de Somos Cambados o Pleno, por dez votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode e sete abstencións do grupo municipal do PP acorda tomar en consideración a emenda anterior

Sometido a votación o Pleno, por dez votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode e sete abstencións do grupo municipal do PP adopta o seguinte,

ACORDO:

“Instar á Xunta de Galicia a tomar as medidas e acción precisas dentro das súas competencias para:

✓ Apoiar a iniciativa legislativa popular impulsada pola Mesa para a Normalización



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfno: 986520902/0943/0951 - FAX:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E

Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfno. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



Linguística e outras 35 asociacións galegas por unha canle Xabarín na TVG e dispor de mais e mellor programación infantil e xuvenil en galego

✓ Que a Corporación de Radio Televisión de Galicia aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade nas televisións públicas a través dunha canle “Xabarín”, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñíbel en todas as plataformas de contidos audiovisuais así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego, a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

✓ Reclamar do Goberno español que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

✓ Así mesmo o Parlamento insta ao goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada ao galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar as accións necesarias para a recepción mutua RTP - TVG en Galicia e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias.”


9.- Expediente 4745/2020. Acordo de Goberno para instar ao Consello Regulador da D.O.Rías Baixas a que empregue de maneira oficial a lingua galega

Polo Sr. Secretario dase conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Ensino, Patrimonio, Cultura, Deporte e Normalización Lingüística, por tres votos a favor dos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG e dúas abstencións dos grupos municipais de PP e Grupo Mixto Cambados Pode, no que se recolle o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS Se calquera cidadá ou cidadán busca en internet información sobre o Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas poderá ver que na súa páxina web o castelán aparece por defecto. Incluso cando pulsamos a opción do galego a denominación deste ente segue a ser “Consejo Regulador” e os contidos continúan aparecendo en castelán. Isto non sucede coa opción en inglés, “Regulation Council”.



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfno: 986520902/0943/0951 - FAX:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E



Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfno. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



Sorprende tamén que na Memoria do Exercicio 2019 da Denominación de Orixe á cal pertence Cambados, a presentación da mesma, titulada "Carta del presidente", estea redactada integramente en castelán e quen a subscribe se refira á entidade que dirixe como "Consejo Regulador de la Denominación de Origen". Isto non sucedía coas anteriores presidencias. E supón, evidentemente, unha volta a un pasado que fica moi lonxe, anterior incluso á existencia do propio Consello Regulador. Por certo, este anuario está financiado pola Xunta de Galicia, que conta con dous vogais no mesmo Consello Regulador da Denominación de Orixe que recibiu no ano 2019 subvencións das consellerías de Economía, Emprego e Industria e do Medio Rural por un importe superior a 1.300.000 euros.

A Denominación de Orixe Rías Baixas conta con 3949 viticultores e viticultoras do Salnés, que representan o 76,27% do total das 5 subzonas, segundo a Memoria do Exercicio 2019 do Consello Regulador, e que fan da nosa comarca o epicentro desta gran zona vinícola. No seu momento, a decisión de levar a sede do Consello Regulador para Pontevedra, supuxo separalo deses 3949 viticultores e viticultoras. Agora, deixar de empregar o galego por parte da súa presidencia de maneira oficial significa distancialos aínda máis.

A inmensa maioría das adegas da Denominación de Orixe Rías Baixas son respectuosas coas toponimias e denominan as súas marcas con nomes ben galegos, alusivos á paisaxe e a todo o que ela abrangue. Porque as adegas saben que o prestixio acadado polo viño albariño débese, entre outros, a escritores como Ramón Cabanillas, Álvaro Cunqueiro ou Plácido Castro, que hai xa máis de seis décadas promoveron a Festa do Albariño. Todos eles foron auténticos creadores dunha marca do país que asocia a calidade co uso da lingua galega. Faltándolle ao respecto ao idioma galego tamén se lle falta ao respecto a eses pioneiros da promoción do noso viño.

Co paso dos anos, foise creando un enxame de adegas na Denominación de Orixe Rías Baixas que envasan os seus viños con nomes que non todos os consumidores e consumidoras saben interpretar. Pero esa non é razón para renunciar ao uso que definen ferramentas de traballo, eidos nos que se cultivan as vides, accidentes xeográficos, etc., que son de uso común dos viticultores e das viticultoras. O importante é a calidade, e a lingua é unha certificación da garantía de calidade da orixe do viño.

Como ten afirmado Xosé González, Presidente do Foro Enrique Peinador e da Fundación Lois Peña Novo, a vide e os seus derivados non só constitúen unha actividade económica senón tamén un sinal de identidade cultural que abrangue eidos tan diversos como a paisaxe, a gastronomía, a literatura, o folclore ou a vida social. A terra é o substrato, non só necesario senón fundamental, para que un viño teña nome, o seu verdadeiro sinal de identidade. Xa que logo, resulta inadmisíbel que nun país no que a maioría dos viticultores teñen como idioma propio o galego (cabe lembrar aquí o artigo 5.1 do noso Estatuto de Autonomía), o Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas teña recuado no seu uso nos últimos anos.

A política de subvencións da Xunta de Galicia debe obrigar aos consellos reguladores das denominacións de orixe a usar de maneira oficial a lingua galega porque tal é o mandato da Lei



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfnos: 986520902/0943/0951 - FAX:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E



Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfnos. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



de Normalización Lingüística. Para conseguir este obxectivo, as bases das convocatorias para as subvencións deben especificar, como conditio sine qua non, o respecto ao patrimonio cultural por parte das devanditas entidades, obrigándoas tamén a utilizar a lingua galega nas contraetiquetas. Os consumidores e as consumidoras non rexeitan os produtos por estar en idiomas que descoñecen, o que buscan é a calidade do produto.

Por todo iso, e tendo en conta o anteriormente exposto, pedímoslle ao Pleno da Corporación Municipal que aprobe o seguinte ACORDO:

1. O Concello de Cambados insta ao Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas a empregar a lingua galega de maneira oficial, tanto nas súas comparecencias públicas en Galicia coma nas súas canles de comunicación, sinaladamente na súa memoria anual, na páxina web e nas redes sociais.

2. O Concello de Cambados insta á Xunta de Galicia, que ten representación nel e subvenciona ao Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, a comunicarlle a dita entidade a obrigatoriedade do uso do idioma galego se quere seguir recibindo as súas subvencións.”

...

Sometido a votación o Pleno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar ao Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas a empregar a lingua galega de maneira oficial, tanto nas súas comparecencias públicas en Galicia coma nas súas canles de comunicación, sinaladamente na súa memoria anual, na páxina web e nas redes sociais.


SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia, que ten representación nel e subvenciona ao Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, a comunicarlle a dita entidade a obrigatoriedade do uso do idioma galego se quere seguir recibindo as súas subvencións.

Chegada a medianoite a Sra. Alcadesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F. constando na convocatoria os puntos da orde do día da actividade de control dos que se da conta:

Dación en conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía (Do 23/11/2020 ata o 24/01/2021))



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfños: 986520902/0943/0951 - FAX:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E



Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfños: 986520902/0943/0951 - FAX:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E



Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 * Fax: 986-52.48.66 * Nº Registro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E

